

Historia de Salvador

O pasado 15 de setembro tivo lugar a estrea do film, de Manuel Huerga, *Salvador*, baseado na novela *Compte enrere: la història de Salvador Puig Antich*, -"Conta atrás: a historia de Salvador Puig Antich"-, que o xornalista catalán Francesc Escribano escribiu en 2001. A película, que tivo un efémero paso pola nosa cartelreira, achega ao espectador a vida dun dos derradeiros executados pola ditadura franquista, interpretado polo gañador do premio ao mellor actor europeo en 2003, Daniel Brühl. Malia a importancia dos ideais políticos na vida e morte do protagonista, o director Manuel Huerga tentou aproximarse a vertente humana de Puig Antich, arroupado polo beneplácito das irmás do asasinado, que ademais aparecen como pezas senlleiras do film, reflexo dunha clase media catalá, -da que proviña Salvador-, enfrontada de súpeto cunha ditadura que esmorecía, pero aínda disposta a enfouzarse co sangue dun mozo de vinte e cinco anos. O encontro dos dous mundos que latexaban parellos naquela época é unha constante, e o director xoga seguido a debuzar contra das reixas a imaxe burguesa das raparigas, como enfronta tamén unha amiga do Salvador coa sinistra Brigada Político-Social e, quizais sen o pretender, deixa enxergar a quen non viviu aqueles anos como todo un estado permanecía practicamente impasíbel mentres xuízos-farsa enviaban á morte aos derradeiros loitadores antifranquistas: cunha mestura de censura, clandestinidade obrigada e bonanza económica abondo xeralizada para adurmiñar á clase media.

Porén, a película segue unha estrutura xa moi tripada nas filmacións que teñen presentado casos similares, nomeadamente os choromiqueiros, por ultradramatizados, alegatos anti-pena de morte que a industria americana ten producido na última década. Construída en dúas partes, unha primeira na que Salvador lle narra retallos da súa andaina, a xeito de flash-backs, ao avogado Oriol Arau -ben interpretado por Tristán Ulloa- e unha segunda onde o tempo e a tensión se van amoreando até o xa co-



ñecido, e non por iso menos triste e angustioso, final do membro do MIL, (Movimento Ibérico de Liberación). Precisamente, é no grupo de superviventes e antigos compañeiros de Puig Antich na loita anticapitalista e antifranquista onde esta fita creou máis controversia, pois son moitos os ex-militantes destas organizacións que critican a ollada que o director dá sobre o asasinado. O nulo papel das militantes femininas, desaparecidas no film -que opta por presentar amantes do anarquista que non participan nas accións- e máis o non afondamento nas verdadeiras razóns da loita de Puig Antich son os piares en que se alicerzan estas

Crónica de anos vestidos de gris

DANIEL LAVESEDO

críticas, para alén dunha relación coa familia idealizada, segundo algúns compañeiros do MIL. Tampouco está libre de controversia o papel de Leonardo Sbaraglia, que interpreta ao garda do cárcere, Jesús Iruire, e que vai substituíndo na réplica ao protagonista a Tristán Ulloa, a medida que avanza o film e o proceso autodestrutivo que vai rillando as arelas do avogado, impotente perante a negra fin que se achega. Ás veces semella incluso que nin o propio Sbaraglia remata de crer nun funcionario de prisións franquista trabando amizado co preso político, -por outra banda, outra chiscadela aos clásicos do xénero-, e parte da credibilidade do filme esfárelase cando, tras a execución, o garda comeza a berrar contra Franco, nun acto que de se ter producido realmente, lle traería consecuencias moi negativas.

De todos os xeitos, e malia o carácter haxiográfico da película, un chisco perdida en endozar, asemade que moi aproada, -conscientemente-, cara ao drama persoal, non deixa de pór diante de nós a problemática dos enxuízados e executados na ditadura, cuxos casos non foron aínda revisados malia os tímidos intentos actuais, e de ser unha ferramenta útil para que os máis novos vaian coñecendo o que aconteceu realmente neses anos grises.



O escritor francés Michel Houellebecq.

Ao estilo Gonzo

Un dos maiores gamberros da literatura estadounidense foi o periodista Hunter S. Thompson, morto no 2005 aos 67 anos. Referencia obrigada da contracultura, Thompson inventou o Xornalismo Gonzo, onde o autor da crónica se converte en protagonista da acción. Ocorre en Medo e noxo nas Vegas, unha obra que se vende como novela, pero que, en realidade, é unha reportaxe de duascenas páxinas. Nela asistimos a unha auténtica viaxe ao corazón das tebras do soño americano. Thompson é contratado por unha revista deportiva para cubrir unha carreira de bóildos en Las Vegas e cara alí parte na compañía do seu avogado. Alugan un enorme Chevrolet convertible de cor vermella e enchen o maletreiro "do que parecía o laboratorio móbil da sección da narcóticos da policía": dúas bolsas de "maría", setenta e cinco pastillas de mescalina, cinco follas de ácido de gran potencia, un saleiro medio cheo de cocaína, un cuartillo de tequila, un cuartillo de ron, unha caixa de cervexas, unha pinta de éter puro, "toda unha galaxia de pastillas multicores para subir, baixar, berrar e rir" e tamén dúas ducias de nitrato amílico. O xornalista remata como pode a súa crónica e como está na cidade, debe ocuparse de algo moito máis interesante: asistir a unha conferencia dos fiscais do Estado sobre o tráfico de drogas.

O mellor non é que Thompson sobreviva para contalo, senón o ton realista e a cámara lenta da reportaxe. E malia que o relato está repleto de demencia, o lector chega a sentir empatía polo xornaista. "Nada máis lonxe de min que a idea de recomendar drogas, alcohol e violencia", dixo Thompson, "pero teño que confesar que, sen todo iso, eu non sería ningún".

A editorial Rinoceronte vén de traducir ao galego *A posibilidade dunha illa*, a última novela de Michel Houellebecq, un autor aliado coa provocación desde o éxito obtido con *As partículas elementais*, no ano 1999. Cualificado como o novo Céline, Houellebecq sempre ofende e desafia coas súas obras, ategadas de sexo, críticas á relixión e invectivas contra os costumes contemporáneos. Nesta ocasión, o francés ambienta *A posibilidade dunha illa* tanto no tempo presente coma no futuro, o que lle permite meter de novo o dedo na chaga, subliñando as fraquezas da nosa sociedade.

Con cinco obras publicadas, Houellebecq é por dereito propio o último representante da estirpe dos provocadores no eido da literatura. Francia sempre foi un bo berce para autores impetuosos, como o marqués de Sade, Boris Vian, Louis-Ferdinand Céline ou Jean Genet.

A finais do século XVIII Sade, rebelde nunha época de abundancia e optimismo, deu nome a toda unha palabra que non necesita presentación. Boris Vian saltou á actualidade en 1946 pola súa pretendida tradución ao francés da obra dun novelista imaxinario, o americano Vernon Sullivan. Céline escribiu *Viaxe á fin da noite* en 1932, anos antes de ser sufrir o exilio acusado de colaboracionista durante a II Guerra Mundial. Malia a súa dureza, Céline manifesta nesta obra unha fonda compaixón polos débiles e as vítimas da sociedade. Un exemplo: "Para un pobre existen neste mundo dous grandes xeitos de morrer: pola indiferenza absolu-

ta dos seus semellantes en tempos de paz ou pola paixón homicida dos mesmos, chegada á guerra". En canto a Jean Genet, relatou con gran estilo a súa vida de marxina-ción e delincuencia, que o levou varias veces ao cárcere. Chegou a dicir: "Resulta divertido que só poida escribir ben cando estou metido no caldeiro".

va para o seu tempo. O xenio indomable de Wilde brilla en todas e cada unha das liñas que escribiu. O anarquismo do escritorponse de manifesto en pasaxes como esta, logo tomada en préstamo por James Joyce para o seu *Ulises*: "Existen tres clases de déspotas. Está o déspota que tiraniza o corpo. Está o que tiraniza a alma. Está o déspota que tiraniza o corpo e a alma por igual. O primeiro chámase Príncipe. O segundo chámase Papa. O terceiro chámase Pobo".

Os que si son duros de pelar son os norteamericanos. Desas terras era Truman Capote, quen retratou en *Pregarias atendidas* as intimidades (sobre todo as referidas ao dormitorio) dos personaxes da alta sociedade que frecuentaba. Como publicou os primeiros capítulos nunha revista, Capote causou unha enorme axitación naquelas altas esferas e foi defenestrado polos mesmos que antes lle rían os chistes.

Tampouco podemos esquecer a Charles Bukowski. Digno de lembrar é aquel día de finais dos anos setenta no que o escritor foi invitado ao mítico programa da televisión francesa, *Apostrophes*, presentado por Bernard Pivot. Máis do 50% dos franceses estaban naquel momento diante do televisor e viron a Bukowski emborrachándose en directo e pousando a man no xeonllo da escritora que tiña ao seu carón. Pivot perdeu, daquela, os papeis e ordenoulles aos gardas de seguridade que sacaran a Bukowsky fóra do plató. Porén, ao día seguinte, os libros do escritor norteamericano chegaron a esgotarse nas librerías de todo o país.

Con ánimo de provocar

Ben considerado, canto máis hipócrita e puritana é unha sociedade, tanto máis provocadores son os seus escritores. Por iso houbo tantos en Inglaterra. A comezos do século XIX Lord Byron escandalizaba os seus compatriotas levando unha vida licenciosa en Italia. A súa mala reputación era incuestionable. Na azotea de San Pedro, unha vez que Byron tropezou cunhas damas inglesas escoltou como a nai lle dicitia á filla: "Non o mires; mesmo miralo é perigoso". Byron coxeou ao logo de toda a súa vida, pero tamén escribiu, combateu contra os turcos ao lado dos gregos, namorou unhas duascenas mulleres e morreu sendo mozo.

Outro inglés irreverente foi Óscar Wilde. *O retrato de Dorian Gray* constitúe unha obra absolutamente subversi-

Relación de escritores pouco recomendables

CARLOS FREIRE

ENTREVISTA

Que hai de Diego Ameixeiras no protagonista de "Tres segundos de memoria"?

-Creo que o narrador da historia e mais eu poderíamos ser grandes amigos. Para desilusión dos lectores máis morbosos, debo dicir que a miña vida privada é tan pouco interesante que nunca sairá en ningunha novela.

- Cínico, sentimental, xa no paro ou xa traballador en precario, un mozo de trinta anos que segue a ter tics de adolescente, ... Por que nos gustan tanto os antiheroes?

-Os perdedores cunha vida privada desastrosa son unha xente estupenda. Desgrazadamente, ás veces teñen o costume de se presentar ás eleccións sen quitarse antes dos vicios.

-O protagonista sentese vítima do "post-fracaso". Un novo termo para referirse ao de sempre, á falta de sentido que, ás veces, lle vemos á vida?

-A vida ten sentido e cada un debe atopalo onde lle apeteza, supoño que con esforzo. Outra cousa é que tenten convencernos de que ese sentido radica nos escaparates dos centros comerciais.

-O título alude á memoria que, disque, teñen os peixes. Esa moi escasa capacidade de convertere, á do protagonista, nunha xeración conformista?

-Para nada. Dicir que a mocidade actual é conformista, responde a unha análise interesada que me cabrea moitísimo. O maio do 68 foi unha misa cantada en comparación co que pasou en Seattle en 1999, co Black Block en primeira liña. O que hai é moita frustración pendente de se artellar como movemento político.

-Falando de xeracións, chegouse a enxergar a túa novela como "retrato xeracional dos nados nos 70". Que opinas desa definición?

-Non o sei. Durante a década dos 70 naceu demasiada xente como para que eu sexa quen de explicala nunha soa novela. Non son sociólogo, nin falo pola boca dunha xeración que ten moitas cousas que dicir na rúa. En todo caso, agradezo moito esas palabras, aínda que tamén me enchen dunha responsabilidade que non creo que estea capacitado para asumir.

-O que si é certo é que hai un público que se sentirá moi identificado coas cousas que lle pasan ao protagonista pola cabeza, coa música que escoita, coas situacións que lle toca vivir... Os lectores que non pertencen a esa franxa de idade, que podería ir dos 25 aos 35 anos, pensa Vde. que disfrutarán tamén de "Tres segundos de memoria"?

-Dependerá do gusto, da situación, ou da sensibilidade de cadaquén, non tanto da idade. Agradezo o interese e a curiosidade, veña de quen veña. Iso sempre.

- "Prefiro a palabra dunha muller ao discurso dun home. Non sabedes o que me gustaría ter nacido muller e, por suposto, ser lesbiana". Esa é a frase de Álvarez Rabo que abre o libro, como se dunha declaración de principios se tratase. Sería moi diferente o protagonista (ademais do evidente, claro) se nacera muller?

-Por suposto que si. Sería unha persoa coherente co que pensa, coidaría algo máis o seu aspecto físico e, claro, a bioloxía xogaríalle unha mala pasada cada mes.

-Apesar desa cita, o protagonista non deixa de escoitar "discursos" dos seus

amigos. Cre que esa esa necesidade de compartir case todo con eles... constitúe unha das características xeracionais?

-Non o sei. Todos vivimos nun minifundio mental que debe ser compartido antes de que sexa demasiado tarde. O sistema decatouse de que atacar directamente ao cerebro funciona moito mellor que os gases lacrimóxenos.

-Na entrega de premios, falou de Nick Hornby, Sr. Chinarro ou o citado Álvarez Rabo como os seus referentes, feito que foi aplaudido como novatos. Non pasará coa novela (e, por extensión, con todo este mundiño literario de noso) iso que dixon nunha ocasión Carlos G. Meixide, de que hai moito "tema bastante reseso"?

-Galicia é un país tremendamente conservador. O pensamento reaccionario está instalado na vida social, cultural e política, e hai mesmo un respecto relixioso pola tradición literaria que me asusta moito. Desgrazadamente, o único que parece cambiar neste país é o clima, pero aínda así teño a esperanza de que comencen a ocorrer cousas interesantes logo do remate dos botellóns.

-O xurado destacou da obra, entre outras cousas, que "fala abertamente do sexo" Que pensa sobre o feito de que se siga considerando politicamente incorrecto iso de escribir de xeito directo, e sen estridencias, de sexo, drogas (e rock'n'roll) nunha novela?

-Está moi relacionado co anterior. Para min, como para a maioría da xente, falar de sexo e de drogas é algo totalmente normal e que se fai con naturalidade, a non ser que sexas moi tímido. O que non me parecería tan normal é que alguén pensase que, as noites do sábado, toda a mocidade galega queda na casa debatendo sobre o preámbulo do Estatuto.

-Pasando ao plano formal, por que elixiu a estrutura de diario para escribir "Tres segundos de memoria"? Influencia dos blogs?


-Hai xente que escribe blogs moi divertidos, e eu mesmo tiña un que actualizaba diariamente hai meses.

-Parece que, nos últimos anos, as decisións do xurado dos Xerais están a ser cuestionadas mesmo antes de que se publiquen as obras. Que se sente ao ler cousas como que é Vde. un "bluff dun sistema literario enfermo"?

-Como comprenderás, certas opinións vertidas nos foros de Internet provocanme sensacións equivalentes ás dunha sesión de risoterapia.

-Volveremos ver unha nova novela contando as andanzas de Horacio Dopico?

-Espero que si. Horacio Dopico sempre volve para meterse onde non o chaman.



JUAN VARELA

Diego Ameixeiras

“En Galicia hai un respecto relixioso pola tradición literaria que me asusta moito”

Vén de saír do prelo *Tres segundos de memoria*, a novela coa que Diego Ameixeiras gañou o Premio Xerais 2006, protagonizada por un mozo de 30 anos que ben podería ser ese rapaz da camiseta de Surfin Bichos que entra na fotocopiadora para poñer un anuncio buscando compañeiro de piso, ou aqueloutro de pelo rapado que, na barra do bar, fala cos seus amigos do difícil que é ligar nos bares alternativos a estas alturas do "post-fracaso"


Literatura e Xornalismo

Durante o fin de semana do 19 e 20 de novembro de 2005 tivo lugar no pazo de Mariñán o III Encontro de Escritores Galegos, foro de debate literario no que se tratou o tema *Literatura e xornalismo*. Luciano Rodríguez foi o encargado de coordinar desta volta a tradicional reunión, que xiraba arredor do interesante e controvertido tema.

Como estaba previsto, por primeira vez, publicase a revista co contido do encontro, o *Caderno de Mariñán*, nos que se reproducen os traballos solicitados ás persoas convidadas ao encontro, ademais da conferencia inaugural (de Álvarez Pousa), compostos de seis comunicacións (de Manuel F. Vieites, Gustavo Pernas, Xulio Valcárcel, Román Raña, María Xosé Queizán, Xosé Ramón Pena), e tamén un caderno de creación (con achegas, entre outros, de M.A. Fernán Vello, Gustavo Pernas, Gonzalo Navaza ou Santiago Jaureguizar) e outro de crítica (coas contribu-

Textos para un debate enriquecedor

XOSÉ FEIXÓ



ci ó n s
de Teresa Seara, Manuel Guede, Fernández Castro, Olivia Rodríguez e Camino Noia).

Estes encontros de escritores son sempre enriquecedores, pois ademais dunha necesaria posta en contacto, significan un activo intercambio de ideas do que tirar bastante proveito, e do que, coa súa publicación, todos podemos ser partícipes e beneficiarios.

Recomendo pois a lectura do volume, toda vez cada unha das lecturas pode ser motivo sobre o que meditar ou debater. Así, por exemplo, pode ser nunha ocasión a achega de Xulio Valcárcel, "Dúas maneiras de comunicación (xornalismo e poesía)", noutra a creación de Fernán Vello, "A estrela perdida do tea-

tro (Monólo rosaliano)", ou a crítica de Camino Noia "Un caso de convivencia entre literatura e xornalismo, a última novela de Rosa Aneiros".

Este último traballo, poño por caso, pode suscitar grandes debates, se partimos da consideración que esta crítica ten da novela, á que considera situada entre a crónica social e a novela sentimental e bo exemplo de convivencia entre a narrativa literaria e o xornalismo, chegando finalmente a afirmar que "A autora mostrounos unha vez máis a súa boa habelencia para facer novelas". E así, se lembramos a opinión de Héitor Mera, que concluíu "Non lla recomendo a ningún, nin por curiosidade. Hai cousas mellores que facer, como por exemplo botar unha soneca.", temos tema xa para reflexionar (literatura-xornalismo-novela) durante moito tempo. Que así sexa.

VV.AA. *Cadernos de Mariñán 1. III Encontro de Escritores galegos* (Luciano Rodríguez, ed), Deputación da Coruña, 2006, 156 páxinas

Viaxe especulativa

Da materia de Lucrecio

ROMÁN RAÑA

Xabier Paz, (A Coruña, 1949), é un doutor en Ciencias Biolóxicas e investigador. Este dato non é superfluo para podermos definir que o seu poemario, *Materia de Lucrecio* resulta orixinal. Orixinal porque trata de facer matrimonio da razón científica coa razón poética, da ciencia como ansia de coñecemento humano, coa poesía, que é declaración da nosa incapacidade de comprender cabalmente o que somos e, portanto, do lugar que habitamos no que somos, o cosmos. É orixinal, tamén, porque trata de camiñar cara ás orixes de todos nós, do xénero humano e do noso planeta, das galaxias todas, nun esforzo totalizador que o emparenta, como o título indica, coa obra dun escritor excepcional, Tito Lucrecio Caro. Lembremos que o poeta latino es-



cribiu un longo poema científico, *De Rerum Natura*, onde expón os principios epicúreos do atomismo, "Nada nace da nada", (onde tamén percibimos a influencia de Empédocles de Agrigento) e onde acaba, no medio de douts e exactas exposicións, mostrándose como un arrebatado poeta, como un metafísico materialista nada común.

Xabier Paz bebe dos hexámetros de Lucrecio e trata de divulgar, desde un afán pedagóxico evidente, as teorías acerca da creación do universo, do nacemento do ser humano (esa consciencia que é consciente de si mesma), da idade do cosmos, da conformación das galaxias, da teoría de relatividade, etc. Evidentemente, ese obxectivo submete o verso a un moldeamento expositivo que o emparenta coa prosa, por iso non estraña o ton prosaico da maioría dos seus versos. Mais cando as teorías expostas son formulacións abstractas, o terreo da ciencia é esvaradizo. Entón a prosa didáctica acaba arribando ao terreo literario. Así podemos comprobalo coas coñecidas palabras de Jorge Luís Borges: "A ciencia talvez sexa apenas a forma máis elaborada da literatura fantástica".

Materia de Lucrecio, pois, propón unha viaxe especulativa cara ao que somos e fomos, espello onde nos ver, para averiguarmos a xenealoxía dos nosos soños e dos nosos medos (o universo ten data de nacemento e día de ruína e defunción). E tamén misterio. O máis imperioso é o do tempo: "A música da vida/sempre é contemporánea".

PAZ, Xabier, *Materia de Lucrecio*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 89 páxinas

Memoria na escola

Ao abeiro dun proxecto educativo que se concibiu no CPI Alfonso VII de Caldas de Reís, creado coa intención de achegar ao alumnado contidos que se vinculasen tanto co ano da memoria histórica coma co mundo da diáspora galega –englobando nesta última tanto o que ten a ver coa emigración coma co exilio–, xorde agora unha sorte de testemuño impreso baixo o título d'*O ano da memoria na escola*. Caldas de Reís 2006, que recolle algunhas das intervencións e actividades que se levaron a cabo no seo do devandito proxecto, moito máis amplo do que no volume se compila pois no programa contempláronse e realizáronse visitas guiadas, proxectáronse películas e documentais, organizáronse exposicións, mostras bibliográficas, etc., todas elas, coma a edición deste volume que se comenta, baixo a coordinación dos profesores X.C. Domínguez Alberte e Raúl Soutelo.

O volume estrutúrase arredor de tres bloques temáticos. No primeiro prodúcense tamén tres in-

Un proxecto educativo

RAMÓN NICOLÁS



tervenções baixo o epígrafe de "Emigrantes, exiliados e inmigrantes na Galiza do século XX", recollendo os relatorios de Antía Pérez Caramés

–achegándose densa e profundamente ao fenómeno migratorio na Galiza contemporánea–, de Núñez Seixas –verbo do exilio galego na guerra civil– e o do escritor Víctor Ombá, que se achega cunha modulación crítica á realidade da inmigración de orixe africana.

Logo, na sección "A memoria da aula", son os coordinadores da publicación os que reflexionan sobre a memoria da emigración en Caldas –da man de Soutelo– e memoria e exilio –a cargo de D. Alberte–; ademais inclúese unha intervención do contacontos Fernández

Sanmartín por unha banda e a participación de Fátima Villaverde, cun pequeno estudo arredor da guerra civil na narrativa de Xosé Fernández Ferreiro.

En último lugar, engádense tres breves entrevistas ao escritores Víctor Ombá, Riveiro Coello e Fran Alonso, quen tamén participaron nestas actividades organizadas ao longo do curso escolar anterior.

Unha digna e sorprendente publicación que evidencia, ao meu ver, as diversas posibilidades que pode ofrecer o ámbito educativo para desenvolver estes ou proxectos parellos. Por último, cómpre engadir que, no seo do III Congreso Manuel Luís Acuña –do Acuña poeta, mestre e galeguista republicano, autor de *Firgoas*–, que se desenvolve desde hoxe até sábado n'A Pobra de Trives, este *Ano da memoria na escola* gozará dunha presentación e comentario na voz dos seus coordinadores.

VV.AA. *O ano da memoria na escola* (X.C. Domínguez Alberte e R. Soutelo, coord.), Concello de Caldas de Reís, 2006, 159 páxinas

LIBROS

Camiñando coa literatura

Por tras de cada un dos universos que crean, os autores e autoras teñen un proxecto de escrita máis ou menos consciente: nisto da literatura, as filias e as fobias e as teimas persoais maniféstanse ben axiña. Se un lector ávido de saber máis dese escritor predilecto, tenta pescudar as súas lecturas fundamentais, as súas fontes e influencias, o que ama e o que odia culturalmente, conseguira con relativa facilidade. Isto, sen ter en conta, que ao longo da historia do mundo das letras, nu-

Nos dominios de Caneiro

MONTSE PEÑA PRESAS

be o noso guieiro. Todo isto, facendo paradas e alusións noutros lugares predilectos: Comala, Macondo, Miranda, o túnel de Sábado e o tempo perdido de Proust tampouco quedan fóra do percorri-

o panorama literario na actualidade, o que foi no pasado e o que, presumiblemente, será no futuro. Neste punto, coñecemos as tendencias hoxe imperantes: fronte á “ditadura do simplismo” (representado polo éxito acadado por novelas arrecendentes a misterios históricos nunca resolto) preséntase a “estética da rutura”, que bebería dos mestres e mestras da palabra e que prestaría un interese manifesto ao como se escribe e non tanto ao que se escribe. Interesante dicotomía esta, da que o autor culpabiliza ao sistema literario (o mercado, as editoras, os medios de comunicación, os críticos...). Existe, porén, unha

CONSTRUÍR UNHA FIESTRA PROPIA POLA QUE ALBISCAR OS HORIZONTES

LITERARIOS

certa autocompraciencia coas figuras do escritor e da escritora, ás que se lle resta importancia dentro do réxime simplista que tan atacado é nesas páxinas.

Esta oposición repítese ao longo de toda obra, o que xera algunha complicación, como a tallante separación entre a “boa literatura” e a “mala literatura”, pois na maioría das ocasións estes criterios estancos son intercambiables dependendo dos ollos que leen. Ocorre tamén no capítulo en que se comparan as artes cinematográficas coas literarias: por veces semella que o cinema de calidade ten que beber, á forza, da novela.

Cando unha remata de transitar estes “dominios”, dáse de conta, que a pesar das trabas (ou precisamente por elas) que lles poida opor, a obra cumpre excelentemente cun dos seus obxectivos fundamentais: construír unha fiestra propia pola que albiscar o horizonte literario de todos os tempos, para despois poder reconstruír a partir do debate e da polémica que estas liñas xeran. Se volvemos mirar por ela, a paisaxe terá cambiado.

CANEIRO, Xosé Carlos, *Os dominios de Caín*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 184 páxinas

De Deus e do Demo

Cultura popular de nós

ALFREDO IGLESIAS

estudo, tarefa á que se dedicou Manuel Quintáns Suárez no seu libro *O Outro Mundo na cultura popular galega*.

Efectivamente, o profesor Quintáns, coñecido por ser o autor do *Anuario de tradicións galegas* (1992) ou de numerosas escolmas da nosa cultura popular,

relación entre os habitantes deste e do Outro Mundo, “definida pola aparente contradición entre o carácter familiar para comunidade destes seres e o medo que provoca a súa presenza real”; o carácter dual, tanto positivo como negativo, das meigas e das bruxas, que se teñen poder para facer algo bo, tamén o teñen para facer algo mal; as habilidades dos curandeiros e curandeiras fronte aos males do espírito, o mal de ollo e outros males;



como o *Refraneiro galego* (1992) ou *Cancioneiro do Fisterra galego: 2500 cantareas comentadas e clasificadas por temas* (2000), intenta con este novo estudo, seguindo as teses do ruso Valerii Mokienko, autor de *Fraseoloxía eslava* (2000), traducida polo Centro Ramón Piñeiro, co que colabora o autor, descubrir como o imaxinario cristián galego asimila a presenza de Deus e mais a do Demo na Terra.

Daquela, neste traballo, no que recorre á rica documentación recollida por el mesmo nas terras de Soneira, Fisterra, Xallas, Muros e o concello de Outes e á recollida por Manuel Castro Mera nas terras de Celanova, A Limia e a Baixa Limia e nos concellos de Allariz, Castro Caldelas e Viana do Bolo, podemos coñecer a

o poder, a sabedoría e a bondade de Deus e do Demo; os múltiples compoñentes da corte do Demo, que adquiren unha variada morfoloxía humanizada e animal. Así mesmo, o autor inclúe un traballo sobre as lavadeiras da noite, herdeiras das vellas sacerdotisa responsables de dirixir e executar o rito do tránsito dos humanos cara ao alén: unha herdanza do paganismo que, como outras moitas, aínda permanece no imaxinario colectivo da cultura popular galega.

QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel, *O Outro Mundo na cultura popular galega*, tresCtres, Sta. Comba (A Coruña), 2006, 348 páxinas

merosos autores non se conformaron só co eixo ficcional, senón que decidiron coller a nao do ensaio literario, ou se se prefire, do conglomerado de paixóns e odios que se agocha baixo a súa escrita para revelarnos que tesouros gardan nela.

En *Os dominios de Caín* hai moito disto, pois Caneiro decídese a guiar ao receptor e pasealo polos lares de seu: Otero, Antón Risco, Torrente, Cela, Valle-Inclán, Martín Gaité. E Joyce, sempre Joyce, pois o *Ulysses* parece ser unha fonte constante da que be-

do. E como todo lazarillo, ás veces Caneiro só é quen de transmitir o que a súa ollada lle permite albiscar. Ocorre así, por exemplo, nas liñas dedicadas a Martín Gaité, nas que o autor de Verín teima nunha lectura nada feminista da poliédrica obra da salmantina, quizais pensando no que significaba esta ideoloxía nos anos sesenta. O mesmo sucede con Otero, que se presenta, indiscutiblemente, como o mellor novelista da literatura de noso. Dentro da lóxica caneirista (pensamos nós), o intelectual confúndese levemente co escritor e o estilo é sempre máis importante que a trama.

Non obstante, neste texto hai moito máis que unha relectura dos agros creativos continuamente visitados por Caneiro: a primeira parte da obra é dedicada a analizar o que é



"If you leave me... can I go with you": dúas caixas de luz por Artemio.

Desde o pasado 9 de novembro e até o 16 de decembro a galería viguesa Adhoc presenta unha mostra individual do artista mexicano Artemio (México D.F. 1976) na que se expoñen 20 caixas de luz da serie *If you leave me... can I go with you?*, que dá título á exposición, e o vídeo *The Crying Game*.

Artemio é un artista de formación autodidacta, que fixo o seu primeiro achegamento ao mundo da arte a través da pintura, da colaxe e a realización de obxectos. Nun segundo momento da súa traxectoria mudou o seu medio de traballo, pasando a fotografía a ter un papel sobranceiro como vehículo expresivo da súa produción. En 1996, chegou ao vídeo como consecuencia natural e seguindo a obsesión que lle provocan as imaxes en movemento.

Daquela, o traballo do artista mexicano desenvólvese no ámbito da imaxe, seguindo estratexias que teñen na manipulación e na ironía os seus alicerces máis sólidos, aspecto que se pode enxergar na mostra actual da galería viguesa que segue o ronsel de obras anteriores, como a brillantísima vídeoinstalación *Apocalypse Now* (2004) que puide-



Apropiación e relecturas da imaxe

CARLOS L. BERNÁRDEZ

O resultado de conxunto permite enxergar cómo a totalidade das pezas posúen criterios claros e coherentes, que nos posibilitan entendelos e interpretalos non apenas na súa unicidade, senón tamén como parte dun argumento, dunha reflexión que quere amosar a lectura visual dun artista que se enfrontan coa tradición fotográfica e cos tópicos sociais e pseudoliterarios –pensando na telenovela, por exemplo– desenvolvendo un proxecto no que a investigación e a crítica do documento son determinantes.

A obra de Artemio sitúase, xa que logo, no ronsel da nova actitude que xorde a principios dos anos oitenta cara a fotografía e a imaxe visual, que centra o seu interese máis no seu uso para finalidades conceptuais que nas puras intencións estéticas ou documentais, consolidándose daquela unha mudanza total na maneira de entender o medio, que el leva a cabo cunha liberdade de enfoque absoluta, aspecto do que as obras agora expostas son un excelente exemplo. De feito non poucos dos principais temas de interese de moitos novos creadores aparecen nestas obras: a identidade, o rostro, o tratamento do corpo como motivo de reflexión conceptual e formal, a ligazón co medio urbano, ou a cultura do cotián. Un abano de preocupacións que acaban por se configurar nas súas obras como un auténtico caleidoscopio dalgúns dos fenómenos do noso presente. A obra de Artemio, pois, amósanos algúns dos camiños andados pola arte desde a asunción da cultura de masas como materia creativa, e como consecuencia a súa manipulación crítica da mesma, chegando en obras como as agora expostas á decostrución do discurso por medio de vídeos e fotogramas que poñen en cuestión os mecanismos que a cultura de masas emprega. O mexicano fai que o seu traballo sexa unha incisiva ollada sobre a nosa sociedade, desde os seus aspectos máis banais e cotiáns –a linguaxe máis superficial– até os sentimentos máis fondos e universais –o berro a dor–, que el nos fai ver a través do espello da imaxe consumida e de reprodutividade xeneralizada.

Artemio en Adhoc

mos contemplar no mesmo espazo expositivo e na que optaba por evidenciar as manobras de manipulación desde a imaxe, coa denuncia da guerra como centro temático. Para iso puxo en relación ao Marlon Brando da película de Coppola, *Apocalypse Now*, con Winnie the Pooh, o osiño de Disney, creando unha nova e desalmada historia.

Como no caso da obra antes citada, as fotografías e vídeos que nos presenta Artemio seguen a se basear en procesos de apropiación, sen o artista xerar imaxes propias cunha cámara senón traballando na relectura e reinterpretación de material proveniente de películas existentes, empregando nomeadamente filmes de Hollywood.

Así, a serie de fotografías, realizadas en caixas de luz, que agora presenta na galería Adhoc, son fotogramas de películas que conservan os subtítulos. As frases dan énfase ás imaxes, e ao seren illadas do contexto do filme, cobran unha vida propia na mente do espectador.

The Crying Game

The Crying Game, o vídeo que poderá verse durante a exposición na planta soto da galería, é unha sucesión de choros, un xogo de bágoas de personaxes de distintas películas que choran en soidade, ficando omitido o son que a súa dor emite, un xeito de intensificación por exclusión xa que o silencio é neste caso o máis expresivo e a auténtica chave para comprendermos toda a peza. Neste vídeo, Artemio amosa, en principio, escenas de tristeza, acenos de desolación e angustia, que aos poucos, in crescendo, van converténdose en choros e berros cada vez máis explícitos até chegar a ser absolutamente descontrolados. Resulta moi interesante comprobar cómo o artista reelabora o tema do pranto de longuíssima tradición artística e cómo novamente o aparentemente máis gastado pode seguir a ser actuante e manter toda a capacidade de comunicación.

Espertar a sensibilidade

Se é certo que “a imaxinación nos fai máis libres e felices”, deixemos que voe e que aniñe alí onde reina a pobreza material e espiritual, permitamos que sexa posible o imposible e que os bos desexos se convirtn en realidade, unha realidade máxica capaz de facer esquecer por un momento o que de negativo pode ter a vida.

Isto -ou algo similar- rón-dalle pola cabeza a Rosana Patatola, un personaxe certamente particular -por non dicir extravagante- que Xosé A. Perozo crea en *Noite de Reis en Kalpankalá*, unha historia que recrea o conflito xerado entre as súas maxestades reais Melchor, Gaspar e Baltasar e Papá Noel ao vérense sen agasallos que levarlles aos nenos de Vila-deteixo cando estes os esperan impacientemente ao final dun ano e aos comezos doutro. Tales celebridades acúsanse mutuamente dos roubos e de térense usurpado protagonismo nunhas festas máxicas para algúns e non tan felices para outros. Este ano, e grazas a intervención dunha vella tan delgada coma unha vasoira, á que todo o mundo coñece pero que ninguén sabe onde está, os rapaces do barrio pobre de Kalpankalá recibirán flamantes

A tolerancia como bo remedio



MARÍA NAVARRO



agasallos tan cheos de ilusión como a fantasía que rodea o conto.

Perseguir un ideal e conseguilo, contemplar o sorriso dun neno ante un desexado xoguete ou espertar a sensibilidade para cos máis necesitados semellan interesantes estímulos para un texto que, dirixido basicamente a nenos duns oito ou dez anos, introduce unha pizca de discordia onde habitualmente vemos -ou queremos ver- marabilla como é a chegada de Papá Noel ou dos Reis Magos aos fogares onde hai posibilidade de recibilos, como se a maxia tivese só cabida entre os ricos e poderosos e lles estivese vedado aos máis débeles.

En clave de fantasía énos posible interpretar a historia considerando que a xustiza, ás veces, maniféstase da forma máis imprevisible, que de fóra nos chegan costumes que facemos -ou cáseque nos obrigan a facelos- moi pronto nosos e que a tolerancia semella un bo remedio para resolver posibles desavinzas.

PEROZO, Xosé A., *Noite de Reis en Kalpankalá*, Ed. Everest/Galicia, A Coruña, 2006, 55 páxinas

De Zoa e Azor

Aínda que os adultos decotamos que os rapaces tanto na infancia coma na preadolescencia non teñen problemas importantes, non sendo en desagradables casos puntuais, o certo é que o mundo interior dos rapaces e rapazas destas franxas está moi a miúdo cheo de inxerencias que os desasosegan e que mesmo poden chegar converterse en problemas de consideración os cales, en moitas ocasións, non chegamos percibir xamais. Entre estes asuntos se cadra hai un que afecta sobre todo aos nenos e que polas condutas que leva engadidas moi poucas veces o poñen de manifesto; trátase da falta de aceptación por parte dos outros nenos de comportamentos máis sensibles que quen os senten adoitan proxectar cara ás artes, as cales se converten nun refuxio do mundo interior dunha persoa que non atopa no seu contorno alguén con quen compartir esas afeccións.

As obras literarias que xiran arredor da complexidade dalgúns nenos para atopar o lugar na sociedade son moitas en todas as linguas e hainas con todas as variantes, isto é vinculación ao mundo das drogas, problemas no interior do seo familiar ou tamén o rexeitamento da propia sexualidade entre outras.

Comprender sensibilidades



PAULA FERNÁNDEZ



En *Zoa e Azor*, An Alfaya presenta un rapaz que sofre este rexeitamento por parte dos seus compañeiros e que sofre, por parte de seus pais, as continuas comparacións co

seu curmán, considerado normal, e o feito de ser cualificado coma raro fronte aos demais. Este neno, Silvano, é un neno sensible, apaixonado dos cabalos, que non deixa de obter malas notas na escola e que posúe unha enorme forza que só é quen de transmitir mediante a poesía.

A través de Silvano e doutros personaxes que compoñen o seu mundo artella An Alfaya esta novela baseada nas relacións humanas e na intolerancia dándolle un certo misterio ao inserir a figura do titiriteiro, a primeira persoa que comprende a Silvano que lle cede un dos seus cabalos logo dun grave accidente, provocado como se saberá despois por aquel que todo o mundo consideraba case que o fillo perfecto.

A acción desenvólvese de maneira liñal mais introdúcense flash backs que axudan a comprendernos a psicoloxía dos personaxes, aos cales en moitas ocasións imos definindo polas súas propias palabras, e a sentir solidariedade e admiración polo personaxe atormentado que conseguirá finalmente enfrontarse ao que o rodea con éxito.

ALFAYA, An, *Zoa e Azor*, Ed. Tambre, Vigo, 2006, 125 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

O Castro de Montealegre

Roberto Aboal/Virginia Castro

Editorial Toxosoutos. 392 páxinas

Este volume colectivo achega ao lector unha visión integral e actualizada do castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra), xacemento clásico dentro da arqueoloxía castrexa do noroeste, e que foi obxecto dunha afección crítica pola construción do corredor do Morrazo en 2003 e 2004. Neste senso, o libro da conta dos resultados

das sondaxes e escavación arqueolóxicas desenvolvidas no castro durante o proxecto de Control e Corrección do Impacto Arqueolóxico do dito corredor. Asemade está artellado nunha serie de artigos específicos centrados nos diferentes estudos realizados a partir dos diferentes traballos levados a cabo no xacemento.




Carlos G. Reigosa

Ángel Basanta (editor)

Edicións Xerais. 120 páxinas

Este volume de ensaios constitúe o primeiro achegamento sistemático tanto á obra literaria de Reigosa como á súa traxectoria biográfica e profesional. O autor analiza en “Carlos G. Reigosa: Paixón por saber e arte de contrar”, o conxunto da obra literaria; Federico Cocho debulla no segundo as “Cir-

cunstancias xornalísticas de Reigosa”, e León T. Vivanco proporciona no derradeiro, “Biografía e pico”, unha documentada cronobiografía enriquecida por un valioso apartado fotográfico. Un libro indispensable para coñecer unha das figuras cimeiras da literatura galega das tres últimas décadas.



Políticas de igualdade

Ana Sánchez Bello (coord.)

Edicións Laidvento. 214 páxinas

Dende a instauración da democracia foise xerando a igualdade de dereito ou igualdade formal a través do marco legislativo. Da igualdade de dereito debera resultar a igualdade de feito, non obstante conséntase diariamente como a promulgación de leis non é suficiente para abolir a desigualdade

por razón de sexo. Este volume está organizado sobre cinco eidos dende os cales se analizan as políticas de igualdade de oportunidades: a implementación e desenvolvemento das políticas de xénero en España, o mercado laboral, as políticas de conciliación, a educación e a violencia de xénero.



O camiño a Tibiáns

Mari Vega Cerqueiro

Edicións Sotelo Blanco. 77 páxinas

Relato iniciático no que unha nena e a súa nai viaxan ata a aldea de seus avós. No percorrido a nai explícalle á pequena a vida dos animais que lles van aparecendo no camiño, por medio de refráns e ditos populares. A nena mergúlase dun xeito lúdico nos misterios da Natureza e decátase da gran sabedoría que encerra. Logo

aparece unha moza, que propón un xogo: a procura do gocefello. Para buscar este animal mítico pídenlle axuda ao encanto dunha fonte. Dende este momento a nena e os demais protagonistas acceden ao mundo das fantasías e chegan a recuar cara o pasado, á época na que os castros aínda estaban habitados.



Está por escribir unha teoría do espectáculo. Tadeusz Kowzan, nun libro publicado en castelán en 1992, o titulado *Literatura y espectáculo*, xa falaba das dificultades da empresa, mais salientando a súa necesidade. O seu potencial heurístico está fóra de toda dúbida, pois permitiríanos analizar os fenómenos artísticos segundo as súas características, mediante a verificación progresiva dunha linguaxe común que se veu construíndo ao longo do século XX. Esa teoría debería establecer os trazos máis singulares dos espectáculos escénicos para despois, de entre todos eles, considerar os riscos dos teatrais contemplándonos a súa heteroxeidade.

O espectáculo teatral presenta, en efecto, unha considerable variedade de formas e modelos, e todos parten dunha gramática propia, que se asenta nunhas convencións, aquelas que permiten manter o diálogo entre os intérpretes e os espectadores. Por iso podemos aceptar que unhas persoas que semellan ter vivido no século XVII falen en verso ou que outras persoas se comuniquen cantando. Velá unha das regras básicas da expresión e da recepción teatral. O mesmo acontece coa literatura, pois se non aceptamos a convención que a obra crea, dificilmente poderemos continuar coa lectura.

Este interesante texto que agora presentamos, *Imperial: Café Cantante*, escrito por Eduardo Alonso, non pode ser adscrito ao xénero do "musical" porque nada hai no mesmo que nos indique tal pertenza, máis alá das cantigas que cantan uns per-


República. Locais nos que abrollaba todo un conxunto de manifestacións escénicas que non forman parte da histórica canónica das artes da representación pero que gozaron no seu día do favor dun sector amplo do público. O libro de Serge Salaun, *El cuplé*, ofrece abundante información a respecto dunha corrente nesa tendencia que se coñeceu no seu día como "teatro ínfimo".

Aqueles "teatros" estaban animados por persoas moi diversas, como se deixa ver nesta peza de Eduardo Alonso, na que as referencias á vida cultural, política e económica da cidade de Vigo son permanentes, desde os conflitos obreiros ata as oportunidades de negocio dunha burguesía florecente. Un grupo humano que nos mostra as miserias e grandezas que acubilla o ser humano, e co que o dramaturgo presenta unha sorte de mural que reflicte un momento trágico da nosa historia, e que acaba por ser un acto de recuperación desa memoria, tan importante nestes días que vivimos, igualmente axitados e convulsos.

Relanzos da noite viguesa en 1936

MANUEL F. VIEITES

Imperial: Café Cantante



sonaxes que traballan no Café Cantante "Imperial". O teatro musical, mesmo considerando toda a súa considerable diversidade, presenta outra gramática e outras convencións, e entre elas destaca a de que os personaxes se poidan comunicar entre si por medio de cantigas. Por iso, rematada a lectura da obra comprobamos que estamos diante dun drama, construído a partir dunha convincente rede de contrastes, relacións, conflitos e intereses, e salferido, de cando en vez, por unha canción. Poderíamos tirar do texto todas e cada unha das cantigas e o drama non perdería un chisco da súa forza e intensidade.

O texto recrea a vida diaria dun dos moitos locais que na Galicia do primeiro cuartel do século XX combinaban o servizo de bar coa presentación de espectáculos musicais e de variedades. Un local que, nesta ocasión, se sitúa na cidade de Vigo, días antes da rebelión contra a orde constitucional da II

A peza contén dezaseis escenas nas que Eduardo Alonso vai enfiando as vidas dese grupo de persoas que verbalizan as expectativas e os soños de moitos galegos e galegas da época, desde o empresario que xa ventaba as posibilidades do comercio clandestino do volframio ata o mozo que agarda o día da partida para Bos Aires, unha cidade que, no seu propio nome, xa anunciaba posibilidades de mellora, sen esquecer as múltiples referencias a feitos tan substantivos como a aprobación do Estatuto de Autonomía ou o ascenso do Celta a Primeira División. Un acerto.

ALONSO, Eduardo, *Imperial: Café Cantante*, presentación de Inma López Silva, *Espiral Mayor*, A Coruña, 2006, 98 páxinas.

Unha homenaxe a Vigo

Eduardo Alonso Rodríguez naceu en Vigo en 1948 e nesta cidade pasou anos importantes na súa vida. Foi aquí onde preparou, con Artello, entre 1982 e 1983, aquel espectáculo sorprendente, titulado *Celtas sen filtro*, que levou millares de persoas aos teatros, seguindo a estela de *O velorio*, de Troula, ou *Laudamuco*, de Antruido, estoutro tamén dirixido por el.

A súa traxectoria profesional vincúlase fundamentalmente coa dirección de escena, se ben nos últimos anos decidiu recuperar unha liña de traballo que xa desenvolvera nos primeiros anos da súa carreira, que comeza en Ferrol e que se asenta de forma definitiva en Madrid, coa creación de Teatro Zoo. Para esta compañía escribe, en efecto, os seus primeiros textos, iniciando unha andaina como dramaturgo que vai recuperar bastantes anos despois, con obras tan interesantes como *O país acuático*, *As damas de Ferrol* ou *Ensaio*. Entremedias unha mancha de adaptacións de Molière, Aristófanes, Beaumarchais ou Shakespeare.

O espectáculo *Imperial: Café Cantante*, leva por subtítulo "Vigo 1936", e constitúe unha fermosa homenaxe a unha cidade que durante toda a II República foi unha caixa de resonancia dos moitos conflitos que confrontaba a sociedade galega, e que, ao mesmo tempo, nos mostran o seu dinamismo e o seu carácter aberto. Para esta proposta, presentada en outubro deste ano no Teatro Principal de Compostela, Eduardo Alonso contou cun reparto no que destacan Xosé Vilarelle, Maxo Barjas, Inma Antonio, Miguel Pernas, Luma Gómez ou Xavier Estévez, sen esquecer os catro músicos que cantan, actúan e interpretan unha banda orixinal escrita por Bernardo Martínez. Un espectáculo que axiña poderemos ver na cidade de Vigo que, sen dúbida, dará moito que falar. Non deixen de velo.